



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVIO: 20/12/2019

TIPOLOXÍA: COSTEIROS (ACTUALIZACIÓN)

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA.

NIVEL DE ALERTA: VERMELLO / LARANXA

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 126/71 GAL_C_C_RN_TT emitido o día 20/12/2019 as 11:22 horas, dun fenómeno meteorolóxico adverso **LARANXA** por **COSTEIROS** xa iniciado que seguirá afectando ao litoral das provincias de A Coruña e Pontevedra ata a noite do día 20, pasando a nivel de aviso **AMARELO** e volvendo a acadar o nivel **LARANXA** na madrugada do día 21 en todo o litoral da Comunidade Autónoma de Galicia por mar combinada do W ata 8 metros e ventos do W de ata forza 9.

Este fenómeno meteorolóxico adverso de nivel LARANXA pasará a nivel VERMELLO a mediados da tarde do día 21 e durará ata primeiras horas da mañá do día 22 no Suroeste de A Coruña e a provincia de Pontevedra, mentres que no caso do litoral da provincia de Lugo e Noroeste e Oeste de A Coruña chegará ata o mediodía do mesmo día 22. Poderán alcanzarse ventos do W e SW forza 10 e mar combinada do W e SW de 9 metros.

A partires do fin do nivel **VERMELLO** de alerta, pasarase a nivel **LARANXA** en todo lo litoral con ventos do W forza 8 ao norte de Fisterra e mar combinada do W ata 8 metros.

Para o período de nivel de alerta VERMELLA é recomendable a activación do Plan de Emerxencias Municipal do concello (PEMU) en caso de telo.

POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNÍCALLES QUE, EN PREVISIÓN DESTES FEITOS: Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e no seu caso ALERTEN ou MOBILIGEN ós medios e recursos dispoñibles.

Ante calquera emerxencia chame ó 112

- En el caso de necesitar información más puntual o detallada, llame al CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN A EMERGENCIAS 112 GALICIA, o consulte la página web da AEMET: www.aemet.es, del CIAE 112: www.axega112.gal y de Meteogalicia: www.meteogalicia.es

Rev2



Xacobeo 2021

Centro Integrado de Atención ás Emerxencias112
Galicia

